



**Situación:** CITEEC,UDC. Campus  
Elviña s/n 15192 A CORUÑA  
**Teléfono:** 981 167 000, ext.: 5185  
**Fax:** 981 167 179, ext.: 5188  
[www.udc.es/citeec/](http://www.udc.es/citeec/)  
[citeec@udc.es](mailto:citeec@udc.es)



O CITEEC foi creado por iniciativa da Universidade da Coruña, a través de fondos Feder e chegas da Xunta de Galicia, é polo tanto un centro asociado á universidade. A súa misión é a mellora da investigación e estudo no ámbito da construción, na súa vertente de edificación e enxeñería civil, sempre desde a óptica da análise experimental. Ata o ano 2000, data na que se inaugura, non existía en Galicia, e nalgúns aspectos, nin sequera en España, un laboratorio capaz de abordar de forma satisfactoria estas demandas, debendo saír da Comunidade Autónoma para a realización de calquera traballo científico nesta liña. O CITEEC cubre este oco e se equipara con outras institucións, tanto nacionais como estranxeiras, laboratorios onde se realiza a investigación máis avanzada e obténdose beneficios sociais, técnicos e mais económicos, estando a disposición do conxunto do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e das empresas galegas e nacionais.

## Recursos humanos

O persoal do CITEEC fórmoo un equipo de especialistas entre os que se atopan 1 administrativo, 2 titulados superiores e 6 técnicos. Tamén conta con 4 grupos de investigación adscritos ao centro pero pertencentes á Universidade.

## Organización / Áreas de traballo

A organización do centro baséase nunha Comisión Xestora da que dependen a unidade de xestión e 4 grupos de investigación : de enxeñería da auga e do medio ambiente, de construción, de mecánica de estruturas, e de portos e costas. Hai prevista unha ampliación do número de áreas de investigación ata un total de once.

A actividade do centro desenvólvese principalmente nas seguintes áreas:

- Fomento da investigación de base coa realización de estudos que amplíen o coñecemento nos campos afíns á enxeñaría civil. A realización de teses doutorais e teses de licenciatura é o mecanismo polo que se promove este tipo de investigación, moi ligada aos departamentos universitarios.
- Investigación aplicada mediante calquera dos mecanismos de captación de recursos cos fondos da Xunta de Galicia, Ministerio de Educación e Ciencia, Unión Europea, etc... e que serven de apoio para a realización de proxectos de investigación.
- Asesoría a empresas e institucións mediante convenios de colaboración que faciliten a investigación e estudo de modelos físicos.

## Instalacións / Equipamento

O centro ten actualmente cinco áreas de actividade: Construción, hidráulica, sanitaria, portos e costas e túnel de ventos para ensaios aeroelásticos. Cada unha destas (áreas) xera os seus propios proxectos e utiliza os seus propios equipos, os cales forman parte do equipamento do Centro.

O CITEEC posúe infraestruturas capaces de abordar ensaios de gran envergadura, ao mesmo nivel dos centros máis avanzados da Unión Europea. Ata o ano 2000 non existía en Galicia, e nalgúns aspectos, nin sequera en España, un laboratorio capaz de acometer de forma satisfactoria ensaios de gran envergadura en enxeñaría civil, sendo necesario saír da Comunidade Autónoma para a realización de calquera traballo científico nesta liña.

## Proxectos destacados

- "Estudo experimental prenормativo sobre a utilización dos residuos de construción e demolicións (rcds) en formigón reciclado de aplicación estrutural (RECNHOR)-subproxecto p4". MMA (2005-2007).
- "Desenvolvemento dun sistema integrado para a medida e xestión de estruturas de formigón con problemas expansivos. aplicación ás presas de formigón". Ministerio de Educación y Ciencia. (2005-2008).
- "Ferramentas avanzadas para a protección do litoral de Galicia e a rexión do norte de Portugal fronte a vertidos de hidrocarburos en alta mar (PROLIT)". Fondos Europeos (FEDER-INTERREG).(2006-2007).
- "Desenvolvemento e aplicación dun modelo numérico para solventar problemas medioambientais con interacción de augas subterráneas e superficiais". Ministerio de Educación y Ciencia (MEC) (2006-2009).
- "Determinación da estabilidade dun leito fluvial mediante modelización física e numérica. aplicación á estabilidade das zonas de freza". Ministerio de Educación y Ciencia (MEC) (2005-2007).
- "Tecnoloxías avanzadas de xeración, captura e almacenamento de co<sub>2</sub>". MEC (2005-2008).
- "Paralelizacións da resposta aeroelástica de pontes colgantes en fluxo de vento turbulento. estudo nos dominios da frecuencia e do tempo". Ministerio de Educación y Ciencia (MEC) (2007-2010).
- "Bigpeel (building digital peel): sistema sensorial embebido para a detección temperá de patoloxías da construción". Xunta de Galicia (2008-2011).
- "Maximus. more affordable aircraft structure lifecycle trough extended, integrated and mature numerical sizing". Airbus (2008-2012).

## Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

O centro mantén colaboracións con entidades do sistema de innovación entre as que podemos citar:

- En Galicia o Centro de Innovación e Servizos de Galicia (CIS), o Centro Tecnolóxico do Granito (CGT) e a Asociación de Fabricantes de Hormigón y Mortero de Galicia (ASFHORGAL).
- A nivel nacional a Fundación para a investigación e desenvolvemento no transporte e enerxía (CIDAUT) e o Centro de Estudios e Experimentación de Obras Públicas (CEDEX).

## Acreditacións e certificacións

Certificación EFQM IQNet dende novembro de 2005.

Certificación da norma ISO 9001:2000 dende marzo de 2008.

## Propiedade industrial

O centro ten concedida unha patente no ano 2006.